

SECRETARÍA GOBERNO LOCAL

Concellería de SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN **Expte: 1954/1102**

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 2.09.2025 [REDACTED] calidade de secretaria da Sección sindical CIG, en base a lexitimación quen lle confire o artigo 31.6 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) SOLICITO ACCESO AOS SEGUINTES EXPEDIENTES: 43763-220 43764-220 43765-220 43768-220 43769-220 43770-220 43771-220.

En data 22.09.2025 solicitouse informe a Área de RRHH e Formación.

En data 02.10.2025 por parte da Área de RRHH e Formación emitíuse o informe.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española,*

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



desarrollados por esta Ley.

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

A LTAIBG recoñece no seu artigo 12 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, e o seu obxectivo é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións que afectan os cidadáns, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións. Neste sentido, o Preámbulo da LTAIBG, sinala que *"A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos."*

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2025 08:50

Páxina 2 de 10

1954-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



SEGUNDO.- Do réxime xurídico.-

O réxime xurídico previsto para ao acceso á información pública na Lei 19/2013, do 9 de decembro(LTAIBG), os seus límites e o procedemento que ha de seguirse, tan só quedan desprazadas, actuando neste caso como supletoria, cando outra norma legal haxa disposto un réxime xurídico propio e específico de acceso á información nun ámbito determinado, tal e como establece a Disposición adicional primeira apartado segundo da LTAIBG).

Cómpre sinalar que en materia de acceso á información por parte da representación sindical a STS 748/2020 de 11 Jun. 2020, Rec. 577/2019 determina "O art. 40.1 del Real Decreto legislativo 5/2015 de 30 de octubre, por el que se regula el Estatuto Básico del Empleado Público, no contiene un régimen específico y alternativo que desplace el régimen general de acceso a la información contenido en la Ley 19/2013, ni limita o condiciona el acceso a la información que las Juntas de Personal pueden tener en relación con aquellas materias relativas los empleados que representan y la información que les atañe."

E por isto que a tramitación da solicitude de acceso á información por parte da representación sindical realizárase conforme a a LTAIBG.

SEGUNDO.- Da solicitude formulada

O solicitante interesa acceso ao expedientes 43763-220 43764-220 43765-220 43768-220 43769-220 43770-220 43771-220.

Segundo informe de Área de RRHH e formación,

1.- A Sra. [REDACTED] non é participante en ningún dos procesos selectivos incluídos nos expedientes solicitados.

2.- Os expedientes solicitados pola Sra. [REDACTED] son os seguintes:

43763-220- SOLICITUDES E PROCESO SELECTIVO DE 1 PRAZA DE DIPLOMADA/O EN TRABAJO SOCIAL (A2- LABORAL), OEP ESTABILIZACIÓN, SISTEMA SELECTIVO CONCURSO.

Copia do documento - Concello de Vigo
1954-1102

Data impresión: 14/10/2025 08:50

Páxina 3 de 10

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



43764-220- SOLICITUDES E PROCESO SELECTIVO DE 1 PRAZA DE TÉCNICA/O MEDIO BIBLIOTECA (A2- LABORAL), OEP ESTABILIZACIÓN, SISTEMA SELECTIVO CONCURSO.

43765-220- SOLICITUDES E PROCESO SELECTIVO DE 1 PRAZA DE TÉCNICA/O MEDIO DE ARQUIVO (A2- FUNCIONARIO), OEP ESTABILIZACIÓN, SISTEMA SELECTIVO CONCURSO.

43768-220- SOLICITUDES E PROCESO SELECTIVO DE 1 PRAZA DE TÉCNICA/O MEDIO- TITORA/OR PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO, (A2- LABORAL), OEP ESTABILIZACIÓN, SISTEMA SELECTIVO CONCURSO.

43769-220- SOLICITUDES E PROCESO SELECTIVO DE 1 PRAZA DE TÉCNICA/O MEDIA/O -DIPLOMADA/O EDUCACIÓN SOCIAL (A2- LABORAL), OEP ESTABILIZACIÓN, SISTEMA SELECTIVO CONCURSO.

43770-220- SOLICITUDES E PROCESO SELECTIVO DE 1 PRAZA DE TÉCNICA/O MEDIA/O (A2- LABORAL), OEP ESTABILIZACIÓN, SISTEMA SELECTIVO CONCURSO.

43771-220.- SOLICITUDES E PROCESO SELECTIVO DE 6 PRAZAS DE TÉCNICA/O ORIENTACIÓN LABORAL (A2- LABORAL), OEP ESTABILIZACIÓN, SISTEMA SELECTIVO CONCURSO.

3.- Consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, e a salvo de erro ou omisión consta que:

3. A) O órgano de selección nº 2 ten sido nomeado para os seguintes procesos selectivos:

TRIBUNAL 2. Tipo e número de prazas (A2)

1. Diplomada/o en TRABALLO SOCIAL- (Funcionario/ a de carreira A2) núm. de prazas 7, Expediente núm. 43746-220
2. Diplomada /o en TABALLO SOCIAL-(Laboral Fixo, A2) núm. de prazas 1, Expediente 43763-220
3. Técnica/o medio BIBLIOTECA – (Laboral Fixo, A2) núm. de prazas 1, Expediente 43764-220
4. Técnica/ medio de ARQUIVO- (Funcionario/ a de carreira A2) núm. de prazas 1, Expediente 43765-220

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2025 08:50

Páxina 4 de 10

1954-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



5. Técnica/o medio responsable obras programas municipais de emprego- (Laboral fixo A2) núm. de prazas 1, Expediente 43766-220
- 6- Técnica/o medio administradora programas municipais de emprego- (laboral fixo A2) núm. de prazas 1, Expediente 43767-220
7. Técnica/o medio titora/or programas municipais de emprego- (Laborar fixo A2) núm. de prazas 1, Expediente 43768-220
- 8.- Técnica/o media/o- diplomada/o educación social- (Laboral fixo A2) núm. de prazas 1, Expediente 43769-220
- 9.- Técnica/o media/o- (Laboral fixo A2) núm. de prazas 1, Expediente 43770-220
- 10.- Técnica/o Orientación laboral-(Laboral fixo A2) núm. de prazas 6, Expediente 43771-220
- 11.- Conservadora/or, 1 Praza, (Funcionario de carreira A2) núm. de prazas 1, Expediente 43772-220
- 12.- Mestra/e oficios EMAO, 1 Praza, Laboral fixo A2) Expediente 43773-220

3. B).- Relacionados cos expedientes anteriores constan os seguintes expedientes:

- 44804-220.- OEP estabilización (concurso)- tribunal 2- procesos selectivos prazas A2-laboral/funcionario
- 44805-220.- Solicitud de medios do órgano de selección do proceso selectivo: OEP estabilización (concurso)- tribunal 2- procesos selectivos prazas (A2)- laboral/funcionario

4.- Nos expediente solicitados, constan unicamente as solicitudes presentadas, incluíndo estes documentos datos como o nome, DNI, domicilio, teléfono, méritos dos participantes nos procesos selectivos, certificados de discapacidade,...

Os expedientes solicitados están intimamente relacionados cos expediente 44804-220, onde se recolle todo o proceso selectivo, as actas do órgano de selección, recursos, ...

5.- Este expediente atópase no buzón persoal da Secretaria do órgano de selección, non estando finalizado.

6.- Estando o procedemento administrativo non finalizado non procede o acceso pola LTAIBG

7.- Así mesmo, enténdese oportuno informar que a custodia dos expedientes corresponde a Secretaria do órgano de selección. As Bases xerais que regulan as

Copia do documento - Concello de Vigo
1954-1102

Data impresión: 14/10/2025 08:50

Páxina 5 de 10

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do concello de Vigo que se convocan polo sistema de concurso (BOPPO do venres, 30 de decembro de 2022, nº 249) establece que:

- O/a secretario/a, que intervirá con voz e sen voto, desempeñará funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos, informe e proposta de resolución das alegacións e/ou reclamacións e recursos administrativos que se poidan presentar contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. (Base oitava).*
- As reclamacións deberán ser resoltas polo órgano de selección, previa a emisión de informe por parte do Secretario/a do mesmo, debendo ser publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de editos do Concello, sen prexuízo da súa notificación aos/ás reclamantes. (Base décimo oitava)"*

A disposición adicional primeira da LTAIGB determina que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo.

Conforme a doutrina do Consello de Transparencia e Bo Goberno a aplicación preferente da normativa reguladora do procedemento administrativo de que se trate proxéctase sobre aqueles supostos nos que, existindo un procedemento en curso, o solicitante da información ten a condición de interesado e solicita información que pertence ou se integra naquel.

Neste senso, a vista do informe de Área de RRHH e Formación, tales requisitos non concorren no presente caso, pois (i) solicítase información acerca dun concreto procedemento administrativo —referido a unha proceso selectivo—; (ii) no que o reclamante non ten a condición de interesado na súa condición de aspirante, e (iii) que aínda non concluí.

En relación a condición de interesada, a solicitante fundamenta a súa condición de secretaria da CIG. Neste senso, o Tribunal Superior de Xusticia do País Vasco, en sentenza 149/2014 de 25 Mar. 2014, Rec. 665/2013 determina "*Aun así no puede reconocerse al Sindicato la condición de interesado en el procedimiento de selección de personal al margen del supuesto, aquí no constatado, de impugnación de las bases de la convocatoria por motivos referidos a los requisitos de participación,*

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2025 08:50

Páxina 6 de 10

1954-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



porque tal condición require, trátase de personas individuais o colectivas hallarse en alguno de los supuestos previstos por el artículo 31-1 de la Ley 30/1992 .

En efecto, es ese apartado del artículo 31 de la LPC el que determina la condición de interesado en el procedimiento administrativo y no su apartado segundo que se limita a proclamar la legitimación, en términos generales, de las asociaciones representativas como el sindicato de intereses económicos y sociales.

Por lo tanto, la condición de interesado en un procedimiento concreto no puede determinarse "in genere", o sea, atendiendo solo a la naturaleza y fines de la persona jurídica o entidad colectiva, sino ad casum y conforme a los supuestos señalados en el artículo 31-1 de la Ley 30/1992 ; y desde esa perspectiva legal no puede reconocerse al Sindicato recurrente per se la condición de interesado en los procedimientos de selección de personal. Y tampoco, en lo que hace al caso, por hallarse en alguno de los tres supuestos contemplados por la antedicha norma".

E por isto polo que a solicitante non ostenta a condición de interesado e, en consecuencia, para determinar o acceso debe aplicarse o disposto na Lei de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno.

Segundo o sinalado no informe da Área de RRHH e Formación os expedientes cuxo acceso se solicita inclúen datos persoais como o nome, DNI, domicilio, teléfono, méritos dos participantes nos procesos selectivos, certificados de discapacidade. Neste sesno, o Criterio Interpretativo CI/002/2015, do 24 de xuño, elaborado conxuntamente por este Consello de Transparencia e Bo Goberno e a Axencia Española de Protección de Datos analiza a aplicación dos límites ao dereito de acceso á información, entre os que se atopa a protección de datos de carácter persoal que se aplica directamente, a diferenza do que sucede cos límites previstos no artigo 14 da LTAIBG. Conforme dito criterio para aplicar o límite da protección de datos persoais, en sínteses, en primeiro lugar hai que efectuar unha ponderación sobre se a información solicitada contén ou non datos persoais especialmente protexidos. Se a resposta é negativa, a continuación, ha de valorarse se son ou non exclusivamente datos meramente identificativos relacionados coa organización, o funcionamento ou a actividade pública do órgano ou entidade correspondente. E, finalmente, se non se trata de datos meramente identificativos hai que efectuar a ponderación prevista no artigo 15.3 da LTAIBG.

Neste senso o informe 2/2020, 15 de xuño, do Consello de Transparencia de Aragón, relativo a transparencia das actas dos Tribunais cualificadores e dos exames nos procesos selectivos determina "Ahora bien, que la condición de interesado no sea

Copia do documento - Concello de Vigo
1954-1102

Data impresión: 14/10/2025 08:50

Páxina 7 de 10

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



relevante para poder exercer el derecho de acceso, no significa que no lo sea para la adecuada aplicación de lo dispuesto en el artículo 15.3 de la Ley 19/2013, respecto a la ponderación entre el interés público y la protección de los datos de carácter personal, como mas adelante se analizará. En caso de que el derecho de acceso sea ejercido por quien participa en el proceso selectivo, debe apreciarse un evidente interés en la divulgación de aquellas informaciones que permiten la comparación con el resto de seleccionados con el fin de verificar la objetividad e imparcialidad del proceso. Este interés no se aprecia, en principio, en quien no es candidato en el proceso, en cuyo caso debe prevalecer el derecho a la protección de los datos de carácter personal de los participantes en el proceso selectivo".

Así mesmo a Resolución do Consejo de Transparencia e Bo Goberno RTI0292120 de data 21.12.2018 dispón " Tal y como se deduce de las bases específicas de la convocatoria para la confección de una bolsa de trabajo de letrado/as convocadas por el Ayuntamiento de Rivas Vaciamadrid, aprobadas mediante decreto 4750/2016 de 22 de septiembre, el expediente completo de dicho proceso selectivo estaría compuesto por los siguientes elementos: i) las solicitudes de participación con fotocopias acreditativas de titulación requerida, DNI, fotocopia de los requisitos exigidos para acceder a la convocatoria, copia de los contratos acreditativos de la experiencia laboral, acompañado de informe de vida laboral de la Seguridad Social, fotocopia de los certificados o diplomas acreditativos de la formación reglada y no reglada y el curriculum vitae; ii) la documentación comprensiva de las distintas fases que componen la oposición: el primer ejercicio teórico-práctico, que deberá ser leído y defendido ante los miembros del Tribunal quienes les podrán pedir aclaraciones o explicaciones al respecto y la fase de concurso donde se valorarán los méritos acreditados documentalmente por las personas aspirantes, conforme a la baremación recogida en el anexo II de las bases de la convocatoria.

A juicio de este Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, cabe advertir que conocer el contenido de las solicitudes de participación en el proceso selectivo, los exámenes de todos y cada uno de los aspirantes, así como las actas del Tribunal, más copia de la sentencia resultante de la impugnación de uno de los aspirantes, etc. -esto es, el completo expediente del proceso selectivo- cuando no se tiene la condición de participante en el proceso selectivo de que se trate no denota la concurrencia de un interés público superior en el conocimiento de la información que se justifique con la finalidad de la LTAIBG de someter a escrutinio la acción de los responsables públicos, conocer cómo se toman las decisiones públicas, cómo se manejan los fondos públicos y, finalmente, conocer bajo qué criterios actúan las instituciones públicas. Asimismo, el interés privado superior que pueda existir en el actual caso no es de tal naturaleza que haga decaer la protección de datos de carácter personal, esto es, en otros

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2025 08:50

Páxina 8 de 10

1954-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL**

**Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO DE
VIGO**



términos, el interés privado superior en conocer la información no prevalece sobre el sacrificio del derecho de protección de datos de los intervinientes en el proceso selectivo pues no en vano el bien jurídico protegido por ese derecho es la persona y el conocimiento decualquier dato que la haga identificada o identificable implicaría una vulneración del referido derecho constitucional"

Polo exposto procede desestimar a solicitude dado que non se aprecia a concorrencia dun interese público superior no coñecemento da información solicitada- solicitudes presenatads en procesos sekectivos_ que se xustifique coa finalidade da LTAIBG de someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, coñecer como se toman as decisións públicas, como se manexan os fondos públicos e, finalmente, coñecer baixo que criterios actúan as institucións públicas

CUARTO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 28.06.2024.

Polo exposto fórmulase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude formulada por dona [REDACTED] calidade de secretaria da Sección sindical CIG de acceso aos expedientes conforme o fundamento terceiro das consideracións xurídicas do presente informe.

SEGUNDO.- Notificar a solicitante indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2025 08:50

Páxina 9 de 10

1954-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

Concellería
de SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP nº 133 de data 9.07.2024)

Dou fe, a secretaria

Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/10/2025 08:50

Páxina 10 de 10

1954-1102

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>